



A SEGUNDA EDICIÓN DO 'GALICIAN FILM FORUM' PRESENTA EN LONDRES O DOCUMENTAL N-VI DE PELA DEL ÁLAMO

O vindeiro evento do Galician Film Forum xorde da colaboración con Iberodocs, festival de cine documental iberoamericano de Escocia.

O [Galician Film Forum \(GFF\)](#) celebrará a segunda xornada de cine galego en Londres o venres 5 de xuño na prestixiosa escola de cine [London Film School](#) ([ver mapa](#)) a partir das seis e media da tarde. O evento consistirá na proxección de tres documentais dirixidos por cineastas galegos: a longametraxe [N-VI](#) de Pela del Álamo e as curtas [AADAT](#), dirixida por Xisela Franco e Noe Rodríguez, e [Pettring](#) de [Eloy D. Serén](#). Despois dos filmes terá lugar un coloquio no que contarán coa presenza do director Pela del Álamo, acompañado por unha figura da industria documental británica aínda por confirmar.

A segunda edición do GFF é unha colaboración con [Iberodocs](#), o festival de documental iberoamericano que ten lugar entre o 14 e o 24 de maio en Edimburgo e Glasgow. O programa está composto por producións en portugués e castelán, ademais dunha lista de títulos galegos recollidos no bloque bautizado 'Focus on Galicia'. Entre eles destacan os documentais presentados na segunda edición do GFF.

Os tres documentais que conforman o programa do segundo GFF foron rodados por cineastas galegos fóra de Galicia, xa fora por interese ou circunstancias persoais. **N-VI** percorre a vella estrada que unía Galicia con Madrid para descubriros as vidas e persoas que ficaron atrás. **Pettring** é o diario filmado por Serén durante a súa experiencia como emigrante en Suecia. **AADAT** é un retrato visual dun campo de refuxiados no Sahara.

Algúns destes filmes foron encadrados no **Novo Cinema Galego**, movemento cinematográfico que está a ter gran difusión internacional dende a presenza de *Todos vós sodes capitáns*, filme de Óliver Laxe, no Festival de Cannes.

Quen son os directores?

Pela del Álamo (Madrid, 1979) Produtor e realizador.

É licenciado en Comunicación Audiovisual e Máster en Documental de Creación pola Universitat Pompeu-Fabra. Dende 2001 ten traballado en publicidade, televisión e ficción. No 2005 crea Diplodocus Produccións, co obxectivo de desenvolver os seus proxectos persoais no ámbito do documental. Dous

anos despois comeza o longo proceso de produción da longametraxe **N-VI**, que estreará no 2012. Con este filme consegue recoñecemento no Festival de Málaga, Márgenes, MiradasDoc e Alcances e está presente tamén na Seminci, Cinespaña, Lima Independiente e DocumentaMadrid.

Xisela Franco (Vigo, 1978) Cineasta e investigadora.

É licenciada en Comunicación Audiovisual e Humanidades. No 2003 funda xunto a Noé Rodríguez Epojé Films e con esta produtora guionizan e dirixen documentais para televisión. No 2006 estuda en Canadá un máster onde profundiza na teoría e práctica documental. De volta en Vigo, doutórase en Belas Artes cunha tese arredor do cine-museo. Ten dirixido máis dunha vintena de documentais e pezas experimentais. Codirixe en 2004, con Noe Rodríguez, **AADAT**. Este documental foi premiado no festival de videoarte de Vitoria-Gasteiz e seleccionado na European Short Film Biennale de Alemania e Images Festival de Toronto.

Noé Rodríguez

Noé Rodríguez empezou a súa actividade profesional hai máis de 15 anos. Fundou xunto a Xisela Franco a produtora Epojé Films. A través dela coproduciu e codirixiu **AADAT**, documental etnográfico que tivo gran acollida en festivais internacionais. Deseguido, obtivo a bolsa de Caixa-Canada e mudouse a Toronto para estudar produción de cine na Universidade de York. Na actualidade reside nesa cidade e participa activamente na comunidade de cinema experimental.

Eloy D. Serén (Simes, 1985). Cineasta.

Estuda Ciencias da Comunicación en Salamanca, Milán e Barcelona, onde a continuación realiza un Máster en teoría e práctica do documental creativo. Antes de comezar a súa andaina como cineasta traballa como crítico de cine na Radio Galega, Cahiers du Cinéma España e Cineuropa. En 2012 emigra a Suecia, onde filma o seu documental **Pettring**. Este traballo estreouse no Festival Europeo de Sevilla en 2013 e ten sido seleccionado en numerosos festivais internacionais. Actualmente traballa na súa segunda longametraxe.

Que é o Galician Film Forum?

O GFF é unha iniciativa que xorde de xeito espontáneo a principios deste ano nun grupo de galegos e galegas emigrados en Londres cun grande interese pola cultura galega. O obxectivo do GFF é crear un espazo para a difusión do cine galego na capital británica.

A primeira xornada de cine galego en Londres organizada polo GFF tivo lugar o pasado 20 de marzo na universidade [King's College](#). O programa incluíu a longametraxe **'Encallados'**, dirixida por Alfonso Zarauza, e dúas curtametraxes: **'1977'**, animación dirixida por Peque Varela e **'Curricán'** de Álvaro Gago.

O Galician Film Forum ten vocación de continuidade servindo baixo tres eixes ao cine galego: como plataforma de exhibición, como observatorio da nova diáspora creativa audiovisual no Reino Unido e como espazo de reflexión sobre o cine e a cultura galega en termos universais.

INFORMACIÓN DE CONTACTO

Responsable de prensa: Duarte Romero Varela

Correo electrónico: galicianfilmforum@gmail.com

Teléfono: +44 (0)7848176197

Facebook: facebook.com/GalicianFilm

Twitter: twitter.com/GalicianFF